

Resolución do 7 de febreiro do 2020 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se resolve convocar os premios de Excelencia FP Dual de Galicia e crear o selo Empresa colaboradora de FP dual.

A formación profesional dual implantouse en Galicia no curso 2012-2013, como unha modalidade máis das ensinanzas de formación profesional. Do acollemento que esta modalidade formativa tivo entre as primeiras empresas que colaboraron na súa implantación, así como do interese que espertou ao longo destes anos no tecido empresarial de Galicia, xorde a necesidade de dar un impulso á implantación da formación profesional dual en Galicia.

Neste eido, a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional puxo en marcha o Plan de dinamización da FP dual de Galicia, que poderá ser obxecto de cofinanciamento polo Ministerio de Educación e Formación Profesional, e polo Fondo Social Europeo do Ministerio de Educación e Formación Profesional. Este plan inclúe, entre outras medidas, a creación dun galardón que recoñeza o labor que realizan as empresas e os seus titores.

Co obxecto de dar visibilidade e valorar o labor inestimable que desenvolven as empresas e os seus titores, do mesmo xeito que as asociacións empresariais e outras entidades colaboradoras, no desenvolvemento dos proxectos de FP dual, créase un selo de “Empresa colaboradora FP dual” e convócanse os primeiros premios de “Excelencia FP dual”.

De acordo co anterior, esta dirección xeral,

DISPÓN:

Primeiro. Obxecto

O obxecto desta resolución é:

1. Crear o selo “ Empresa colaboradora FP dual”.
2. Convocar o premio de “Excelencia FP dual 2020” e establecer as súas bases reguladoras.

Segundo. Destinatarios/as

O selo “Empresa colaboradora FP dual” está dirixido ás empresas que veñen colaborando coa formación profesional dual desde que se implantou no curso 2012-2013 ata o curso actual.

Os premios de “Excelencia FP dual 2020” irán destinados ás empresas colaboradoras, asociacións empresariais e profesionais e outras entidades colaboradoras, que participasen no ano 2019 (cursos 2018-2019 e 2019-2020) na modalidade de FP dual en colaboración coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Tamén optarán a este premio os/as titores/as de empresa que titorizasen alumnado de FP dual nestes cursos académicos.



Selo “Empresa colaboradora FP dual”

Terceiro. Selo “Empresa colaboradora FP dual”

Créase o selo de “Empresa colaboradora FP dual”, que consistirá nun diploma acreditativo que será emitido pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

O selo “Empresa colaboradora FP dual” será entregado nun acto público.

Este selo reconece o importante labor das empresas colaboradoras no impulso e na difusión da FP dual en Galicia, como factor clave na cualificación de capital humano para a mellora da empregabilidade dos/das titulados/as.

Premios “Excelencia FP dual 2020”

Cuarto. Premio “Excelencia FP dual 2020”

O premio “Excelencia FP dual 2020”, nas distintas categorías, consistirá nun galardón da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no que se destaque o labor das empresas en prol da FP dual.

A comisión de selección a que se fai referencia na liña sétima poderá propoñer accésits nalgunha das categorías do premio.

Quinto. Categorias do premio

Estableceranse as seguintes categorías de premios: gran empresa, mediana e pequena empresa, asociacións, entidades colaboradoras, titor/a de empresa e proxecto destacado do ano 2020, que premiará as actuacións relativas ao impulso do rural.

Sexto. Proposta de candidatos/as e prazo de presentación

A proposta de candidatos/as farase a través dos centros educativos nos que se impartisen ciclos de Formación Profesional na modalidade de FP dual durante os cursos 2018-2019 e 2019-2020, cubrindo o anexo I.

Cada centro propoñerá unha candidatura por cada unha das categorías convocadas.

A proposta deberá ser xustificada con base nos criterios recollidos no anexo II.

As propostas de candidatura serán asinadas pola persoa responsable da dirección do centro e enviadas desde o correo oficial do centro á conta de correo sfp@edu.xunta.gal

A data límite do envío de propostas será o 21 de Febreiro de 2020.

Sétimo. Comisión de selección

As solicitudes presentadas serán valoradas por unha comisión presidida pola subdirectora xeral de Formación Profesional, ou persoa en quen delegue, e integrada por catro vogais, con categoría de subdirector/ora xeral, xefe/a de servizo ou membro da Inspección Educativa. Actuará como secretario/a un/unha funcionario/a desta consellería, con voz pero sen voto.

A comisión, de ser o caso, poderá contar co asesoramento de especialistas, solicitados/as previamente pola Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.

Oitavo. Criterios de valoración

A comisión fará a selección entre todas as propostas recibidas, das categorías convocadas, tendo en conta os criterios recollidos no anexo II, e nomeadamente os criterios relativos a difusión e continuidade nos proxectos.

A comisión reservarase o dereito a declarar deserta algunha categoría, ou de incorporar algunha mención especial, no caso de existir algún mérito salientable ou proposta debidamente fundamentada que o abale.

Noveno. Resolución

A comisión de selección, logo de valorados os proxectos presentados, realizará unha proposta de resolución de concesión de premios, que trasladará ao director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, quen ditará resolución.

A resolución de concesión de premios publicárase na páxina web <http://www.edu.xunta.es/fp>.

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2020

Manuel Corredoira López

Director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa